

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

PONTEVEDRA

Persoal, oposicións

LISTA DEFINITIVA DE ADMITIDOS E EXCLUIDOS PROCESOS SELECTIVOS PRAZAS ADMINISTRATIVO/A E AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO 2017 E DATAS CONSTITUCIÓN DO TRIBUNAL E REALIZACIÓN DO PRIMEIRO EXERCICIO.

Expediente Procesos selectivos convocados para cubrir prazas vacantes de Administrativo/a e Auxiliar Administrativo/a incluídas na Oferta de Emprego Publico OEP do ano 2017.

Trámite Anuncio relativo á elevación a definitiva a relación provisional de aspirantes admitidos e excluídos e se sinalan datas de constitución de Tribunais cualificadores e de realización do primeiro exercicio e nomeamento de asesores para corrección dos exercicios tipo test.

O concelleiro de goberno delegado da área de Réxime Interior, Persoal e Patrimonio, en data 09.04.2019, ditou a seguinte resolución:

No Boletín Oficial da Provincia de 21.03.2019 (BOP nº 56), publicouse o anuncio relativo á resolución do concelleiro de goberno delegado da área de Réxime Interior, Persoal e Patrimonio, de data 08.03.2019, pola que se aprobou a relación provisional de aspirantes admitidos e excluídos e a composición dos Tribunais cualificadores para os procesos selectivos convocados para cubrir prazas vacantes incluídas na oferta de emprego público (OEP) 2017, pola quenda libre.

Concluído o prazo de 10 días para presentación de subsanacións ou reclamacións contra a devandita resolución, en relación ás prazas de Administrativo/a e Auxiliar Administrativo/a, presentouse solicitude de subsanación por Silvana Silvoso Abal, quen presentou o xustificante de ter aboadas as taxas (fóra de prazo), no proceso selectivo para 1 praza de Auxiliar Administrativo.

Por outra banda, na devandita resolución, de data 08.03.2019, detectáronse os seguintes erros materiais, relativos ás prazas sinaladas no asunto (Administrativo/a e Auxiliar Administrativo/a):

- Na parte expositiva da resolución: Figura que se publicaron no BOP de data 22.01.2019 (n 15) cando realmente se publicaron no de data 15.01.2019 (nº 10).
- No punto Primeiro, apartado b), aspirantes admitidos a 1 praza de Auxiliar Administrativo, co número 265 figura Sanmartín Pensado, María, que non presentou solicitude para participar no indicado proceso selectivo.



Venres, 12 de abril de 2019

Núm. 72

Considerando que o artigo 109.2 da Lei 15/2015, de procedemento administrativo común das administracións públicas establece que estas poderán rectificar en calquera momento, de oficio o a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

Esta concellería de goberno, de conformidade coas bases aprobadas e en exercicio das súas atribucións delegadas por la Alcaldía (Decreto de 21.04.2017),

RESOLVE:

Primeiro.—Rectificar os seguintes erros materiais producidos na resolución de data 08.03.2019:

- Na parte expositiva da resolución: As bases que regulan os procesos selectivos publicáronse no BOP de data 15.01.2019 (nº 10).
- No punto Primeiro, apartado b), aspirantes admitidos a 1 praza de Auxiliar Administrativo: Eliminar da lista de admitidos o número 265 Sanmartín Pensado, María, por terse incluído por erro.

Segundo.—Eleva a definitiva a lista provisional de admitidos e excluídos dos procesos selectivos convocados para cubrir 3 prazas de Administrativo/a e 1 praza de Auxiliar Administrativo/a, incluídos na resolución desta concellería de data 08.03.2019, publicada no BOP nº 56 de data 21.03.2019, desestimando a subsanación de Silvana Silvoso Abal, no proceso selectivo de 1 praza de Auxiliar Administrativo, por aboamento das taxas fóra do prazo de presentación de solicitudes, confirmando a súa exclusión definitiva.

Terceiro.—Determinar as datas de constitución dos tribunais cualificadores e de realización do primeiro exercicio dos procesos selectivos que se relacionan:

a) 3 prazas de Administrativo

- Constitución do Tribunal: 26.04.2019 ás 10:00 horas na sala de xuntas do edificio municipal da rúa Michelena 30.
- Realización do primeiro exercicio: 1 Exercicio, día 29.04.2019, ás 17:00 horas, no auditorio do Pazo da Cultura situado na rúa Alexandre Bóveda s/n.

b) 1 praza de Auxiliar administrativo

- Constitución do Tribunal: 03.06.2019 ás 10:00 horas na sala de xuntas do edificio municipal da rúa Michelena 30.
- Realización do primeiro exercicio: 1 Exercicio, día 04.06.2019, ás 13:00 horas, no auditorio do Pazo da Cultura situado na rúa Alexandre Bóveda s/n.

Terceiro.—Os aspirantes deberán presentarse para a realización de cada exercicio provistos do DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade, a xuízo do tribunal, así como dos medios materiais adecuados e necesarios para a práctica dos exercicios.



Venres, 12 de abril de 2019

Núm. 72

Cuarto.—Nomear como asesores dos tribunais cualificadores para a realización de tarefas informáticas de corrección do primeiro exercicio tipo test, dos procesos selectivos que o precisen, aos funcionarios municipais:

- José Ramón Rodríguez Tourón, xefe do Servizo de Informática.
- Santiago Pérez Agra, técnico medio informático do Servizo de Informática.

Así mesmo nomear como asesora para a realización do terceiro exercicio sobre coñecemento do idioma galego a:

- Concepción Cochón Rodríguez, Asesora Lingüística do servizo de Normalización Lingüística.

Quinto.—A presente resolución publicarase no BOP e no Taboleiro de edictos do Concello, situado no baixo do edificio Michelena 30, para xeral coñecemento aos efectos previstos nas bases da convocatoria e, de forma complementaria, na Sede Electrónica do Concello de Pontevedra cuxa dirección é <http://sede.pontevedra.gal>.

Recursos procedentes.—Contra a precedente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse ben o recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que a ditou e no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación, ao amparo do establecido no artigo 124.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas ou ben o recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa notificación ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Pontevedra.

Pontevedra, á data da sinatura.

O Secretario

